

O arco atópase asociado coa propia orixe do home, quen fai uns 35.000 anos atopou nel un dos seus principais instrumentos de caza e de guerra. Tras a invención das armas de fogo, o arco pasou ao ámbito deportivo, e formáronse os primeiros clubs europeos durante o reinado do monarca británico Enrique VIII (século XVI). O tiro con arco alcanzou rango olímpico en París, en 1900, aínda que a inexistencia entón dun organismo internacional que establecese un regulamento único explica a supresión deste deporte do programa olímpico.

En 1931 sete nacións fundaron a Federación Internacional de Tiro con Arco (FITA), que ese mesmo ano solicitou ao Comité Olímpico Internacional (COI) a súa volta aos Xogos Olímpicos, que non se produciu ata Múnic 1972.

En Barcelona 1992 o equipo español conquistou o ouro por equipos.



O tiro con arco é unha disciplina deportiva que achega grandes beneficios para a saúde física, emocional e psicolóxica, un deporte que traspasa os límites do convencional para loitar contra a tensión ou a falta de acción na vida. Sempre cando falamos do desenvolvemento dos nenos, tentamos entender os cambios que estes afrontan tanto físicos, psicolóxicos, cognitivos e sociais, que nun futuro farán ser o adulto que serán.

1. *O arco favorece a coordinación óculo-motriz*
2. *Potencia enormemente a capacidade de concentración e o autocontrol*
3. *Xera integración social de nenos, novos, adultos,*
4. *Control e liberación de situacións de tensións diarias*
5. *Socialización*
6. *Diversión e desafío persoal.*
7. *Pódese practicar a calquera idade.*

O Tiro con arco ten varias modalidades que son Arco Recurvo ou arco Olímpico, Arco composto, Arco Tradicional (instintivo e arco recto) e Arco Espido.

En todas as modalidades hai competicións con distintas categorías por idades e por sexo. Todo seteiro participa na categoría que lle corresponda e compete contra outros da mesma categoría.

Celebranse dous tipos de competicións, unha durante a tempada de sala, que vai de outubro a febreiro e a outra a aire libre de marzo a setembro. Tamien existe outro tipo de competición que é o que se chama, percorrido de bosque cunha modalidade máis atractiva polo descoñecemento das distancias ás que tirar. As competicións adóitanse de club, cando se organiza un club. De ámbito autonómico como un Campionato Gallego, de ámbito nacional como un Campionato de España, de ámbito internacional e a máxima sería os Xogos Olímpicos.

O Club Lumelar ten a súa orixe a finais dos anos 70 e principios dos 80, a súa orixe oficial é no ano 88 co nome actual e o seu fundador fué Jose Antonio Iglesias que era propietario dunha empresa de chimineas que tenia ese nome o cal herdo o club. O logo do club fai referencia a esa orixe no seu deseño. Actualmente é o Club de Galicia máis antigo con actividade continua desde entón. Polo pasaron, e algúns aínda están, moxos seteiros e estes han conseguido innumerables Campionatos e trofeos de todo tipo, así como participacións en moitos campionatos de España.

Actualmente temos varios campións galegos e o equipo de tradicional tamien obtema o campionato galego de equipos e o de olimpo o terceiro posto.

